



CONCELLO
DA LARACHA

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO MADRUGADOR@S

FUNCIONAMENTO:

- 1.- O servizo prestarase de luns a venres, en días lectivos, en horario de 7:00 ata a apertura do centro escolar.
- 2.- Establécense diferentes quendas de entrada cada cuarto de hora: ás 7:00, 7:15, 7:30, 7:45, 8:00, 8:15, 8:30, 8:45.
- 3.- A solicitude de inscrición para o acceso ao servizo realizarase no Concello da Laracha, no modelo normalizado que existe para tal fin, xunto coa documentación exixida e que figura na solicitude.
- 4.- **O inicio do Programa Madrugador@s para o curso 2020/2021 estará supeditado ás condicións de inicio do curso escolar e ás normativas derivadas do COVID-19 e directrices de seguridade.**
- 5.- O número máximo de prazas dispoñibles para cada centro farase público no momento da apertura do prazo de inscrición e establecerase en función da demanda real para cada curso, limitado polo espazo que cada centro destine para acoller ao alumnado e realizar as diversas actividades; e polo orzamento total destinado ao proxecto.
- 6.- Fíxase un prazo de inscrición para realizar a solicitude para o curso escolar 2020/2021 do 15 de xuño ao 31 de xullo de 2020. Rematado o prazo de inscrición fixado, poderán presentarse solicitudes con posterioridade, tendo en conta que, no suposto de que o grupo xa contara co máximo de alumnas/os, a/o solicitante sería incluída/o na lista de espera.
- 7.- Debido á situación xerada polo estado de alarma sanitaria como consecuencia do COVID-19, e para a protección das/os menores e monitorado participante faise necesario acotar o número de usuarias/os para o acceso a Madrugador@s, motivo polo cal, os **criterios de valoración** para o acceso a mesma serán exclusivamente as necesidades de conciliación obxectivamente demostradas.

8.- Existen dúas modalidades de solicitude: 1. **Todo o curso escolar** e 2. **Utilización do servizo ocasionalmente**. Dentro da modalidade de **todo o curso escolar** establécense dúas opcións: **Mes completo ou días soltos**. En todas as modalidades existe a opción con almorzo e sen almorzo

9.- A modalidade de días soltos refírese á utilización do servizo varios días á semana ou ben todos os días en semanas alternas. Non momento de realizar a solicitude de praza deberán especificar os días concretos ou número de días ao mes ou á semana que van utilizar o servizo, debendo aboar a cota por estes días contratados. A utilización do servizo unha vez por semana non correspondería a esta modalidade xa que suporía utilizalo de xeito ocasional. Os días soltos contabilízanse ata 12 días, a partir do 13 cobrarase o mes completo.

10.- A utilización do servizo ocasionalmente refírese á utilización do mesmo de xeito esporádico, incluída a utilización do mesmo unha vez por semana. Os usos ocasionais estarán condicionados pola existencia de prazas dispoñibles e deberán comunicarse previamente pola persoa solicitante ao Concello polo menos con 24 horas de antelación, comunicación que se deberá realizar no teléfono: 981612811.

11.- A alta, baixa ou modificación da modalidade de utilización do servizo deberá ser notificada por escrito ao Concello da Laracha antes do día 22 do mes anterior, en caso contrario deberase aboar a mensuralidade correspondente. Se a incorporación faise unha vez comezado o mes, aboarase o mes completo.

12.- O número de alumnos/as por cada centro educativo durante o período escolar será de 15 como mínimo no CEIP Otero Pedrayo, 10 no CEIP Alfredo Brañas e 6 no CEIP de Caión, na modalidade de usuario/a fixo/a.

13.- Considérase usuario/a fixo/a aquel alumnado que se matricula no servizo durante todo o curso escolar, ben sexa a mes completo ou días soltos.

14.- O concello resérvase o dereito a anular a posta en marcha do servizo se non se supera o número mínimo de usuarios.

15.- O proxecto Madrugador@s comprende os seguintes servizos:

a) Servizo de acollida e vixilancia dos escolares participantes.

b) Servizo de almorzo.

15.- Será requisito para acceder ao servizo Madrugador@s estar matriculado/a nun centro escolar de Educación Infantil e Primaria do concello da Laracha no que se poña en funcionamento o servizo.

16.- As cotas a pagar polas persoas usuarias segundo a modalidade de servizo solicitada, faranse públicas anualmente, coincidindo co inicio do servizo, e corresponden ao 70% ou 60% da contía total do custo do servizo, segundo o número de usuarios/as sexa de ata

25 ou a partir de 26, atopándose o 30% ou 40% restante subvencionado polo concello da Laracha.

17.- As persoas usuarias poderán acollerse á redución do prezo das cotas fixadas en concepto de prezos públicos do proxecto Madrugador@s, segundo o baremo establecido no anexo 1 da solicitude, mediante o que se avaliará a situación sociofamiliar, laboral-familiar e económica e a permanencia no programa no curso anterior, para o cal deberán achegar a documentación xustificativa reflectida no citado anexo.

18.- Os/as usuarios/as fixos/as deberán aboar o servizo mediante domiciliación bancaria á empresa contratista do Concello, a mes vencido dentro dos 5 primeiros días naturais do mes seguinte. A cota a aboar será fixa independentemente de que se disfrute ou non a totalidade dos días contratados. A falta de pagamento dun recibo significará a baixa automática do servizo.

19.- Os/as usuarios/as fixos/as na modalidade de días soltos aboarán as cotas dos días que teñan contratados na solicitude, se necesitaran facer uso do servizo máis días dos especificados na solicitude de praza, aboarán os días a maiores ao mesmo prezo que os/as usuarios/as ocasionais.

20.- Ós/ás usuarios/as ocasionais o cobro da cota realizarase mediante o cobro de dous recibos anuais: o 1º no mes de febreiro (onde se incluírán as asistencias dos meses de setembro, outubro, novembro, decembro e xaneiro) e o 2º no mes de xuño (onde se incluírán as asistencias de febreiro, marzo, abril, maio e xuño).

20.- A empresa concesionaria non administrará ningunha medicación salvo estrita prescrición médica que xustifique a necesidade de facelo no horario de Madrugador@s. Dita prescrición detallará o tipo de medicación, cantidade e modo de consumo. Todo o anterior avalado mediante informe médico.

21.- Serán causa de extinción do servizo e baixa no mesmo as seguintes:

- a) Incumprimento dos requisitos establecidos.
- b) Por solicitude dos proxenitores ou representantes legais.
- c) A falta de pagamento da cota establecida.
- d) A comprobación de falsidade na documentación achegada.
- e) A falta de asistencia durante un mes sen causa xustificada.

ORGANIZACIÓN:

1.- Valorarase individualmente a posibilidade de participación no Programa Marugador@s.

2.- Antes do inicio da participación no Programa Madrugador@s é obrigatorio a presentación dunha declaración responsable que reflicta que a/o nena/o durante os 14 días previos á entrada en Madrugador@s non ten sufrido febre, tose, cansancio, malestar xeral e que non ten estado en contacto con outra persoa con dita sintomatoloxía.

3.- Reforzaranse as medidas de hixienización no lugar onde se realicen as actividades.

4.- Organizaranse grupos reducidos con cada monitora ou monitor, co obxectivo de cumprir a normativa de seguridade.

5.- Estes grupos estarán constituídos preferentemente polas mesmas persoas para reducir posibilidades de contaxios.

6.- As familias deberán estar localizadas e en disposición de recoller á persoa participante de forma inmediata no caso de que así se requira polo monitorado da Madrugador@s

7.- O Concello da Laracha resérvase o dereito á reorganización, adaptacións e/ou suspensión do Programa Madrugador@s se a situación sanitaria así o require.

A Laracha, 20 de agosto de 2020